



# A FOLLA DA CGT

Núm. 85 - 29 novembro 2021

## Metal de Cádiz: Non foi unha derrota, foi unha traizón

A loita dos compañeir@s do metal de Cádiz por un convenio xusto gañou as simpatías da clase obreira

de todo o Estado español.

Millóns de traballador@s precarios, mal pagados, que sofren abusos empresariais acotío, vírona con entusiasmo. ¡Alguén se erguía por fin contra a brutal **explotación** que hoxe caracteriza a realidade laboral!

Cádiz foi máis ca unha folga. Un editorial de *El País* cualificouno de "estoupido social". E por iso había que acabar coa loita canto antes: poñía en perigo a paz social que desde hai décadas tan bos dividendos lles dá ós empresarios.

O convenio asinado provocará máis perda de poder adquisitivo, tanto porque os incrementos salariais non chegan ó IPC como porque a revisión salarial non xera atrasos tódolos anos. Pero sobre todo é pésimo porque había **forzas** para un convenio mellor. **Que ninguén o xustifique dicindo que os traballador@s non querían loitar!**

Pero non foi unha derrota. Foi unha **traizón** por parte de CCOO e UGT, sempre dispostos a "comprender" ás empresas. En Navantia o vivimos no IV Convenio, cando o presidente do comité de empresa de San Fernando e do intercentros, José Antonio Oliva (CCOO), asinou un convenio que, entre outras cousas, imponía a mobilidade xeográfica obrigatoria; a empresa agradeceulle o favor nomeándoo xefe de Persoal das tres factorías gaditanas.



O IV Convenio acelerou o retroceso de UGT e marcou o inicio do declive de CCOO en Navantia. A traizón de Cádiz tamén lles pasará factura, e non só alí.

Os traballador@s necesitamos sindicatos que defendan os nosos intereses. CCOO e UGT demostran cada día que non o fan.

**Únete á CGT para loitar por un sindicalismo combativo, de clase e assembleario!**

## Plus de distancia

En xullo houbo unha reunión da Comisión Mixta Paritaria de interpretación do convenio. Un dos puntos foi o **impagamento** do plus de distancia, tanto ós traballador@s antigos que cambian de enderezo afastándose da factoría coma ós novos ingresos (non o cobra ningún).

¿Que argumentou a empresa? Que a inclusión do plus de distancia no artigo 33.B.2 do convenio é "**un simple erro administrativo ou de redacción**"!!!!

Con ese "argumento", a empresa podería incumplir **todo** o convenio. ¿Este é o nivel da xefatura de RRHH de Navantia? ¿De verdade que nesta empresa hai xente que cobra (e un pastón) por dicir semellantes **parvadas**?

Como xa informamos, a **CGT** presentou denuncia na Inspección hai unhas semanas.

# Convocatorias de prazas

Nos procesos de operarios-empleados xa reclamamos a necesidade dun maior control do comité sobre as actuacións da empresa.

Nas **júnior**, a empresa excluía a unha persoa porque entendía que traballar de repoñedor nunha empresa de loxística equivalía a ser analista de materiais, unha das profesións convocadas.

Nas **sénior**, a empresa excluía a unha persoa por, supostamente, non achegar ningún documento coa reclamación. O documento ía no corpo do correo.



Jainko Barik  
@Jainko\_Barik

Quando una huelga se pone dura, meten las tanquetas. Pero si se pone aún más dura y combativa, entonces ya van con todo y meten a CCOO y UGT.

20:10 · 25 nov. 21 · [Twitter for Android](#)

Agora, nas prazas de **bombeiros**, a empresa excluía a un compañeiro por presentar o título de **Graduado Escolar**, e non o de Bacharelato. A **CGT** tivo primeiro que explicarlle á empresa que nas bases se pedía título da ESO, non do Bacharelato; e despois, que o Graduado Escolar da EXB equivale á ESO.

As revisións aleatorias fanse proxectando as listas nunha pantalla, para que o comité elixa ó chou cales revisar. Ese bombeiro está admitido porque, mentres o listado subía e baixaba, o representante da **CGT** viu unha referencia ó Bacharelato e, como non era un requisito, pediu velo con detalle. Pero a ignorancia da empresa puido deixalo **fóra**, a pesar de cumprir os requisitos.

A **CGT** insiste: o comité debe revisar **todo**, non pode limitarse a revisar os casos dos que ten coñecemento e despois sumarlle unha revisión aleatoria. É claro que dá máis traballo, pero o comité está para traballar en defensa dos intereses de **tod@s**. Ou, como mínimo, debe esixirlle á empresa que entregue **con antelación** a información que vai proxectar nas reunións, para poder analizala en condicións.

## 25-N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero

A violencia machista ten moitas caras. A máis devastadora exprésase coas mortes de mulleres e nen@s cada ano a mans dos seus maltratadores.

Os nosos corpos sofren violacións e son tratados coma mercancía a través da prostitución, a trata ou os ventres de alugueiro. E todo isto dáse sobre a base dunha vida de explotación laboral, precariedade e desemprego moito mais profunda cá dos nosos compañeiros. No Estado español, no 2019 a retribución anual media das traballadoras foi un 19,5% inferior á dos traballadores. E no 2020, as pensións foron un 30% menos, os contratos a tempo parcial triplicaron os dos homes e as paradas foron un 22% máis cós parados.

A forza que leva amosando a loita polos dereitos das mulleres traballadoras é imparable. Por iso a dereita franquista (PP e VOX) atacan e tentan desprestixiala. Quérennos caladas e submisas; pero non vai ser.

Fica moito por andar. Hai recursos para reverter esta situación (milleiros de pisos baleiros, beneficios multimillonarios das grandes empresas, fiscalidade ridícula das grandes fortunas, etc.), pero están nas mans d@s de sempre (banca, grandes empresas, etc.). As traballadoras sabemos moi ben que soamente loitando nas rúas imos recuperalos para conquistar o noso dereito a unha vida digna sen violencias e en liberdade.

**NON MÁIS VIOLENCIA, POR UNHAS CONDICIÓNS DE VIDA DIGNAS!**

## Calendario laboral 2022

O comité xa elaborou unha proposta. Unha vez situadas as consabidas catro semanas do verán e a do Nadal, ficaba un día de vacacións. Decidiuse propoñer situalo na **ponte do Día das Letras Galegas**. Tamén vaise plantexar que os 3 días de libre disposición poidan collerse por horas.



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 1213  
Telf. Móbil: 623 044 900

[cgt.fe@navantia.es](mailto:cgt.fe@navantia.es)

Séguenos e comparte info nas RRSS:



**CGTNavantiaFE**